



# RÍO SISALDE

Club de Montaña O Carroucho

21 de Febreiro de 2015

**A** Fraga de Sisalde, situada na parroquia de Barrañán, é unha das últimas testemuñas mellor conservadas que posúe o Concello de Arteixo da Galicia de antano. Este fértil bosque de carballos, castaños, ameneiros e salgueiros, acompaña augas abaixo ao río Sisalde ata a súa desembocadura na praia de Barrañán, tras deixar tras de si un amplo carrizal, perfecto para percorrelo só ou en compañía e descubrir a súa beleza e singularidade.

Un roteiro paralelo á canle permite percorrer boa parte deste espazo e que se visiten antigos muíños que integran un interesante conxunto etnográfico, á vez que nos falan dos cultivos de cereais que no pasado ocuparon as terras de cultivo e abas nas que hoxe crecen bosques e matogueiras.



A Senda do río Sisalde é un sendeiro circular, que parte da praia de Barrañán, no que daremos un agradable paseo pola fraga de Sisalde. A ruta ten unha dificultade baixa, xa que ten moi pouco desnivel e transcorre por pistas e camiños en bo estado, aínda que algún tramo está cuberto de auga e barro, polo que haberá que levar calzado axeitado. A sinalización é boa en todo o percorrido. O sendeiro está dividido en tres bucles que podemos facer xuntos ou por separado, segundo nos conveña. Para chegar ao punto de inicio, nun dos extremos da praia de Barrañán, sairemos de Arteixo pola CP-0514 que une este pobo con Caión.

Comezamos o camiño por unha pista de area ao lado do río Sisalde, á esquerda veremos as brañas e o propio río. Despois dun quilómetro chegaremos a unha pista asfaltada e seguiremos á dereita. Pouco a pouco irémonos internando na fraga de Sisalde, onde abundan as árbores frondosas e os piñeirais. Veremos varios paneis informativos polo camiño. Levamos dous quilómetros cando podemos pechar o primeiro bucle de 4,8 km. se continuamos pola esquerda, pero nós seguimos pola dereita para continuar a ruta completa.

Aos 300 metros chegaremos a un cruzamento que nos levará por un bonito camiño rodeado de loureiros e máis adiante veremos o muíño de Margarita. Continuamos a ruta por camiño e pistas e chegaremos a un camiño que pode estar cuberto por auga en determinadas épocas do ano. Algo máis adiante do quilómetro 5, péchase o segundo bucle case lineal e chegaremos á área recreativa de Os Barreiros, onde comeza o terceiro bucle de 5,3 km. Neste área recreativa temos mesas, bancos, asadores e un parque infantil. No terceiro bucle chegaremos sen dificultade ao punto máis alto da ruta e veremos o muíño de Ibias. O camiño de volta despois do segundo bucle levaranos a ver o muíño de Zapata, nun paseo ben acondicionado ao lado do río, e a menos dun quilómetro da praia veremos a igrexa de Barrañán.

*Lebrámosvos que esta actividade só inclúe o seguro de transporte*


## Datos Básicos

- Comezo: Praia de Barrañán
- Remate: Praia de Barrañán
- Distancia lineal: 17,5 km.
- Duración aprox.: 6 horas
- Dificultade: Baixa
- Altura máxima: 182 m
- Altura mínima: 0 m
- Acumul.: ↗462 m / ↘462 m



do río Sisalde, á esquerda veremos as brañas e o propio río. Despois dun quilómetro chegaremos a unha pista asfaltada e seguiremos á dereita. Pouco a pouco irémonos internando na fraga de Sisalde, onde abundan as árbores frondosas e os piñeirais. Veremos varios paneis informativos polo camiño. Levamos dous quilómetros cando podemos pechar o primeiro bucle de 4,8 km. se continuamos pola esquerda, pero nós seguimos pola dereita para continuar a ruta completa.

Aos 300 metros chegaremos a un cruzamento que nos levará por un bonito camiño rodeado de loureiros e máis adiante veremos o muíño de Margarita. Continuamos a ruta por camiño e pistas e chegaremos a un camiño que pode estar cuberto por auga en determinadas épocas do ano. Algo máis adiante do quilómetro 5, péchase o segundo bucle case lineal e chegaremos á área recreativa de Os Barreiros, onde comeza o terceiro bucle de 5,3 km. Neste área recreativa temos mesas, bancos, asadores e un parque infantil. No terceiro bucle chegaremos sen dificultade ao punto máis alto da ruta e veremos o muíño de Ibias. O camiño de volta despois do segundo bucle levaranos a ver o muíño de Zapata, nun paseo ben acondicionado ao lado do río, e a menos dun quilómetro da praia veremos a igrexa de Barrañán.



**Próxima cita:**

**20-21-22 Marzo  
Taramundi**



**O Carroucho**

[www.carroucho.org](http://www.carroucho.org)